



PREMIO EDEBÉ DE LITERATURA XUVENIL

O ESPÍRITO DO ÚLTIMO VERÁN

SUSANA VALLEJO

rodeira

SUSANA VALLEJO

O ESPÍRITO DO ÚLTIMO VERÁN

PREMIO EDEBÉ
DE LITERATURA
XUVENIL



rodeira

Obra gañadora do Premio EDEBÉ de Literatura Xuvenil segundo a resolución do xurado formado por: Xavier Brines, Victoria Fernández, Anna Gasol, Rosa Navarro Durán e Robert Saladrigas.

Título orixinal: *El espíritu del último verano*

© Susana Vallejo, 2011

© Ed. Cast.: edebé, 2011

Paseo de San Juan Bosco, 62

08017 Barcelona

www.edebe.com

Directora da colección: Reina Duarte

Deseño de cubertas: César Farrés

Fotografía de portada: GettyImages

© *Tradución:* Ricardo Fernández Sabín

Primeira edición, marzo 2011

ISBN 978-84-8349-304-5

Depósito Legal: B. 11585-2011

Impreso en España

Printed in Spain

EGS - Rosario, 2 - Barcelona

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Dereitos Reprográficos) se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra (www.conlicencia.com; 91 702 19 70 / 93 272 04 45).

*Para Vicky,
en lembranza da Casa da Árbore.*

I

Pisei o acelerador e entrei na autoestrada; ía tan cargado de dúbidas coma de material escolar a mochila dun neno no seu primeiro día de clase. Preguntábame se non estaría facendo o parvo, porque, para poder regresar ao lugar no que transcorreran os veráns da miña infancia e adolescencia, inventara unha escusa tan peregrina para non ir traballar que na voz do meu xefe agromaron a sospeita e a desconfianza. Estábame xogando o posto que tanto me custara conseguir e facíao por un simple soño.

Porque esa noite soñara coa Casa da Árbore e coa miña avoa Flor, e ela pedíume que regresase.

Espertei a horas intempestivas, demasiado cedo para erguerme pero demasiado tarde para continuar durmindo, coa sensación de que aínda respiraba o aire dos veráns da Casa da Árbore. E nese momento, incorporado na cama, coa maxia do soño e un estraño recendo a herba acabada de cortar e a fiúncho flotando ao meu redor, tiven a certeza de que debía regresar. Porque de súpeto, despois de tantos anos e grazas a un

soño, comprendera onde estaba agochado o tesouro. O tesouro da raíña moura.

No soño recuperara algo que xa cría esquecido: o ton de voz da miña avoa, o seu sorriso, a súa mirada dourada e todas e cada unha das palabras do poema da raíña moura, coma se non transcorrese nin unha semana desde aquel último verán na Casa da Árbore.

No pasado, a viaxe facíase interminable. Canto tardabamos en chegar co Ford Escort da miña nai ou no coche de liña! Pero agora a cidade medrara ata o que antes eran masías e campos de labranza, e a autoestrada chegaba case ata a urbanización.

A batalla do cemento contra a natureza tiña toda a traza de inclinarse a favor do ladrillo. Apenas deixara de ver casas acaroadas, chalés e polígonos industriais, e xa estaba na saída da costa.

Custoume reconecer a estrada. Percorrera mil veces aquel traxecto, pero agora todo era moi diferente. Na miña memoria continuaba viva a imaxe dunha estrada estreita, con moitas curvas, que, ao principio, discorría entre carballos que a abrazaban cun mimo vexetal. Sei como recendía esa fraga porque, en verán, sempre levabamos as ventaíñas baixadas. Daquela, o aire acondicionado era un luxo do que moi poucos coches dispoñían. Aquel era o camiño da terra quente, da carriza á sombra dos piñeiros, das centenarias aciñeiras e das sobreiras.

Máis adiante, a estrada serpeaba entre terreos agrícolas. Na primavera, os pastos eran verdes e frescos, e as terras de cultivo cubríanse de papoulas, que reben-taban nunha explosión vermella, tan vermella coma o

sangue, e que salferían as beiras da estrada anunciando aos catro ventos que xa faltaba pouco para a chegada doutro longo e fermoso verán.

Agora comprobaba que aquel camiño que discorría entre árbores xa só era un recordo. Porque eu circulaba por unha autovía de catro carrís que devorara a fraga e os campos de papoulas. E esa agreste paisaxe verde, vermella e amarela fora substituída por diferentes tonalidades de asfalto: gris perla, gris escuro, gris marengo...

Pisei o acelerador e pregunteime se sería quen de encontrar a saída que conducía á Casa da Árbore, porque tamén desaparecera a masía que anunciaba que nos achegabamos á urbanización, e a enorme figueira baixo a que sempre había un can ou dous, e as cortes do gando, e os cabalos, que tanto me impresionaran na infancia.

Pensei no que lles podería dicir aos actuais propietarios da casa para convencelos de que me permitisen entrar, e se sería capaz de enfrontarme ás lembranzas do meu último verán naquela casa, o verán do tesouro da raíña moura, o da morte de «F».

Sorprendeume que a saída que conducía á vila estivese claramente indicada cun enorme letreiro.

Interneime nas rúas, cheas de buracos e fochancas.

E despois, xa na urbanización, aínda que me sorprende bastante a cantidade de carteis colocados en portas e enreixados co anuncio de «VÉNDESE», todo parecía igual, coma se o tempo non transcorrese.

Por iso, ao saír da última curva que hai antes da subida ao outeiro, me impresionou tanto comprobar que a casa dos veciños, a de Montse e Joan, xa non existía.

No seu lugar, no solar, podían verse montóns de area removida a carón de enormes pedras, moreas de troncos cortados e unha escavadora que ensinaba os dentes; parecía un monstro amarelo satisfeito despois de devorar a súa presa.

Do outro lado do muro, esperando que lle chegase a súa hora, inocente e ignorante do seu destino, permanecía impertérrita a Casa da Árbore.

Só entón, ao contemplar esa paisaxe abatida, comprendín que estaban construíndo unha nova saída da autovía cara á costa, que a casa dos meus antigos veciños xa caera baixo as gadoupas das máquinas escavadoras e que as obras estaban a piques de engulir a casa dos meus avós.

Daquela, un sorriso aflorou aos meus labios, porque nese momento entendín o soño que me trouxera ata ese lugar.

Nunca me puidera despedir da casa como debía. E agora, cando estaba a piques de desaparecer para sempre, chamaba por min para que o fixese.

As casas, como lle escoitei dicir moitas veces á miña avoa, mantiñan para sempre o espírito dos seus moradores. E a Casa da Árbore chamaba por min porque tiñamos unha conta pendente que saldar.

Detiven o coche fronte ao muro, cuberto de hedra descontrolada, e evitei un par de cepos de árbores que permanecían no chan coas raíces estendidas cara ao ceo, coma se implorasen un novo lugar no que arraigar.

Por fin, chegara! Aproximeime á cancela de ferro. Estaba comesta pola ferruxe, pero nalgunhas partes aínda conservaba restos de pintura verdosa. No interior,

a vexetación e as malas herbas invadían sen piedade o que noutrora fora un precioso xardín.

O carballo inmenso que lle daba nome á casa seguía alí, á entrada, desafiando o tempo e as escavadoras. E no alto, imponente pero afogada entre as silvas e as hedras, aparecía a casa, a Casa da Árbore, tal e como eu a lembraba, aínda que maltratada polo paso do tempo e polo abandono dos seus actuais propietarios.

Pregunteime canto tempo necesitaría a natureza para vencela definitivamente. Pasaran xa seis anos desde que nós a venderamos, e tiña todo o aspecto de que a maior parte dese tempo permanecera abandonada.

Observei o cadeado e a cadea enferruxada que pechaban a cancela. E, dun xeito instintivo, o meu pé buscou a pedra que sobresaía a media altura do muro. Apoieime nela e, como fixera mil veces, saltei por encima.

—Aquí estou, avoa. Volvín outra vez —murmurei.